

### III Concurso literario Mazarelos

#### Acta do xurado

Na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, sendo as 16:30 horas do día 15 de novembro de 2017, reunido o xurado, composto por:

- Dolores Vilavedra Fernández, presidenta
- Mario Regueira Fernández, secretario
- Emilio González Miranda
- Patricia Fra López
- Raúl Gómez Pato

acorda o seguinte:

- Conceder, por unanimidade, o 3º premio ao relato titulado “Mar de fondo” presentado baixo o pseudónimo ou lema de “Tin E. Lovecraft”. Aberta a plica correspondente, o seu autor resultou ser Valentín Estévez Souto. Destacamos a súa conexión lovecraftiana coa cultura mariñeira galega e a complexidade dunha trama de suspense.
- Conceder, por unanimidade, o 2º premio á serie de poemas titulada “O sentido común”, presentada baixo o pseudónimo ou lema de “Norma do Val”. Aberta a plica correspondente, o seu autor resultou ser Jorge Rodríguez Durán. Atopamos como elementos a subliñar a combinación entre linguaxe cotiá e poética acompañada dun tratamento irónico e con referencias infrecuentes.
- Conceder, por unanimidade, o 1º premio ao conxunto de poemas titulado “O aniversario”, presentado baixo o pseudónimo ou lema de “Sar”. Aberta a plica correspondente, a súa autora resultou ser Arancha Nogueira. O xurado destaca un conxunto poético cunha estrutura ben trabada, na que a circularidade dos poemas serve de metáfora á experiencia do desamor. Un exercicio completado por imaxes impactantes que caracterizan unha voz moi persoal.

E para que así conste, asinamos a presente en Santiago de Compostela, a quince de novembro de dous mil dezasete.

O presidente

Dolores Vilavedra Fernández

(Anexo: listaxe de obras presentadas)

A secretaria

Mario Regueira

### III Concurso literario Mazarelos

Anexo á acta do xurado

Listaxe de obras presentadas

- O aniversario
- O sentido común
- Mar de Fondo
- Violetas no ar...
- Choran os anxos
- Ler
- Santo Mármore
- Dedicatoria
- Pingas de azul
- Paxaro voando en terra firme
- A primavera dos xoguetes rotos
- Quiromántico
- As temperaturas do sangue
- Un Cristo que marcha
- Sesenta
- As luces do luscofusco
- Ab initio
- Rockland
- Gran guerra
- A tribo
- O vento
- Cangavaga